

CONTROL TEMA 9 DE SOCIAIS- 6º DE PRIMARIA

Escribe a, b ou c, segundo corresponda, agás para a pregunta 1

1. Escribe a definición que se corresponde con cada enunciado

- a. Pertencen ao patrimonio tanxible, é dicir, a aquel que podemos ver e tocar. Caracterízanse por ser inamovibles, non se poden trasladar dun lugar a outro. Exemplos de ben inmobles son as igrexas, os edificios, etc.

- b. Pertencen ao patrimonio tanxible, aquel que podemos ver e tocar. Ademais, poden ser trasladados dun lugar a outro. Exemplos representativos son as esculturas, os cadros, os mobles, etc.

- c. Parte do patrimonio intanxible. Son prácticas, saberes e crenzas tradicionais compartidas por un grupo humano.

- d. Nome que recibe o conxunto de lugares, ruínas, construcións ou diversos obxectos históricos e artísticos que existen dentro das fronteiras dun país.

- e. Conxunto de bens, tanxibles e intanxibles, que constitúen a herdanza dun grupo de persoas e que reforzan o seu sentido de comunidade e a súa identidade.

- f. Conxunto de elementos que non se poden tocar pero si percibir (modos de falar, cancións, costumes).

- g. Acción de darlle a un lugar ou obxecto un lugar destacado para que sexa apreciado polo conxunto da sociedade.

- h. Conxunto de técnicas orientadas a recuperar unha peza.

- i. Forma de conduta propia dun grupo humano. A súa orixe é antiga e transmítese de xeración en xeración.

2. O patrimonio pode ser: ☐
- a. Natural ou artificial
 - b. Natural ou cultural
 - c. Cultural ou artificial
3. Si estamos a falar dun xacemento arqueolóxico estamos a falar de: ... ☐
- a. Un patrimonio cultural material
 - b. Un patrimonio cultural inmaterial
 - c. Un patrimonio natural material
4. Si estamos a falar da lenda da Santa Compañía estamos a falar de: ... ☐
- a. Un patrimonio cultural material
 - b. Un patrimonio cultural inmaterial
 - c. Un patrimonio natural material
5. Os gobernos deben elaborar medidas de protección para que un número ☐ representativo de cidadáns contemplan, gocen e coiden os elementos protexidos. É o que se denomina...
- a. Lei de protección do patrimonio
 - b. Normativas patrimoniais
 - c. Posta en valor
6. Que significan as siglas BIC? ☐
- a. Ben de Interese Cultural
 - b. Ben de Interese Comercial
 - c. Beneficios de Interese Cultural
7. "Calquera inmobile ou moble de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico que fora declarado como tal pola administración competente". Esta definición de BIC, ben determinada.. ☐
- a. Pola Xunta de Galicia
 - b. Polo goberno de Madrid
 - c. Pola Deputación de Pontevedra
8. Este monumento é.... ☐
- a. A Torre de Vespasiano
 - b. O faro de A Coruña
 - c. A torre de Hércules



9. A Serra dos Ancares é... ☐

- a. Un sitio histórico
- b. Un conxunto histórico
- c. Unha zona arqueolóxica

10. A baía de Baiona e unha zona arqueolóxica... ☐

- a. Polos seus castros celtas
- b. Polos seus monumentos
- c. Polo tesouro que se atopa baixo as súas augas

11. Esta imaxe representa un lugar de.... ☐

- a. Interese arqueolóxico
- b. Interese etnolóxico
- c. Interese museístico



12. O patrimonio moble é aquel que pode ser trasladado dun lugar a outro? ☐

- a. Si
- b. Non
- c. Si, pero si pesan pouco

13. Quen creou a Rede Mundial de Reservas da Biosfera? ☐

- a. A ONU
- b. O goberno Europeo
- c. A UNESCO

14. A praia das Catedrais é... ☐

- a. Monumento natural
- b. Monumento artificial
- c. Un monumento cultural

15. Esta imaxe é dunha reserva natural chamada... ☐

- a. Parque de Doñana
- b. Táboas de Daimiel
- c. Albufera de Valencia




16. Qué representa esta imaxe? ☐



- a. As Illas Ons
- b. A illa de San Simón
- c. Parte do parque Nacional Marítimo- terrestre das Illas Atlánticas

17. Que nos indica esta gráfica? ☐
- Que en España hai 44 millóns de persoas
 - Que en Italia a taxa de enfermos da COVID xa é de 50.000 persoas
 - A lista de países que teñen maior cantidade de bens patrimonio da humanidade



18. A UNESCO considera que un ben pode ser considerado patrimonio da humanidade cando reúne os seguintes requisitos: ☐
- Ser unha obra mestra do ser humano, unicamente
 - Ser un dos exemplos representativos de importantes etapas da historia da Terra, incluíndo testemuños da vida ou procesos xeolóxicos
 - Ser un monumento arquitectónico

19. A seguinte imaxe é patrimonio da humanidade, mais, como se chama? ☐

- Catedral de Notre Dame
- Catedral de Burgos
- Catedral de San Basilio



20. Custodia increíbles coleccións, desde as antigüidades exipcias e clásicas ata pintura europea, sendo unha das máis coñecidas a Gioconda de Leonardo da Vinci. É o Museo... ☐

- Do Louvre
- Do Prado
- Británico

21. O Museo Británico está en.... ☐

- Estados Unidos
- Reino Unido
- Na Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas

22. Esta imaxe se corresponde... ☐

- Cos Museos Vaticanos
- Co Museo Metropolitano de Arte Nova York
- Co Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía



de

23. O....., inaugurado en 1992, garda no seu interior unha mostra moi extensa de obras contemporáneas Destacan as obras de Roy Lichtenstein, Miró, Eduardo Chillida, Maruja Mallo, Salvador Dalí, Picasso ou Alberto Sánchez. ☐
- a. Museo Vaticano
 - b. Museo do Prado
 - c. Raíña Sofía
24. Quen diseñou o museo Guggenheim? ☐
- a. Andy Warhol
 - b. Eduardo Chillida
 - c. Frank Gehry
25. Que é o MARCO? ☐
- a. Un museo de arte contemporáneo
 - b. Un museo de arte antiga
 - c. Un museo gastronómico
26. Escribe o nome desta torre que forma parte do patrimonio Bueuense.
SOAMENTE ESCRIBE UNHA PALABRA.

